

ORDE DO MARISCAL

Créase a *Orde do Mariscal* coa finalidade de recoñecer e premiar os méritos sociais, culturais ou empresariais a ilustres e destacados persoeiros vinculados á comarca, dada a súa contribución e participación no desenrolo e progreso da Mariña Lucense, sendo investidos (cos atributos da Orde) como insignes *Cabaleiros do Mariscal Pardo de Cela* e *Donas de Sabela de Castro* (a súa muller), o *Día do Mariscal*, festa que se celebra anualmente na última semana de agosto.



Ano 2003. Os primeiros investidos

CABALEIROS DO MARISCAL

A Asociación «O Mundo de Galea», facendo uso das facultades explícitas e implícitas que lle confire o seu estatuto para premiar a aquelas persoas que se destacaron ou destaquen na conservación, promoción e investigación dos valores históricos, culturais, artísticos e de importancia turística dos concellos da «Ruta Pardo de Cela» (Alfoz, Foz, Lourenzá, Mondoñedo e O Valadouro) crea o nomeamento de Cabaleiro do Mariscal, e no seu caso, Dona de Isabel de Castro. Para cumprir este honor deberán terse en conta os preceptos do seguinte

DECÁLOGO

- 1.º Ser maior de idade.
- 2.º Coñecer as obras de valor artístico máis relevantes e a importancia histórico-cultural e turística dos 5 concellos da «Ruta Pardo de Cela».
- 3.º Non constar evidencias de deshonor ou actitudes de desprecio e indiferencia do expresado no 2.º apartado.
- 4.º Ter contribuído dalgunha forma á conservación, coñecemento ou promoción dos valores que posúen eses concellos, no eido estético, histórico, cultural en xeral e turístico.
- 5.º Terse interesado especialmente polos elementos integrantes do tecido turístico da «Ruta Pardo de Cela».
- 6.º Asistir aos actos culturais que promociona a asociación «O mundo de Galea»
- 7.º Estar disposto a colaborar e participar na organización destes actos.
- 8.º Aceptar o nomeamento de Cabaleiro do Mariscal ou no seu caso Dona Isabel de Castro proveéndose da correspondente vestimenta para os actos que a requiran, sabendo que este nomeamento é honorífico e non leva aparexada remuneración de ningunha clase.
- 9.º Comparecer no expediente que extenda a Secretaría da Asociación.
- 10.º Facer xuramento ou promesa no acto público da investidura, de acordo cos rituais que sinala a Asociación.

Aprobado en Asemblea Anual (28-02-2003) - Exercicio 2003.

Asdo.: Juan Puchades, Presidente; Quique Geda, Secretario.




Acto de investidura

IV Día do Mariscal

Investidura de
Doñas de Isabel de Castro e Cabaleiros do Mariscal

Concerto Musical



14 de Agosto de 2006
Torre do Castelo de Alfiz e Finca Galea
Información nos teléfonos 982 57 44 15 e 667 63 95 36

Cartel anunciando a investidura (ano 2006)



Hoxe, día 17 de maio de 2003, os abaixo
asignantes, foron investidos **CABALEIROS**
do **MARISCAL** e **DONAS** de **ISABEL**
de **CASTRO**, honra que os obriga a
ser mensaxeiros da vida e milagres
de **D. PEDRO**, o **MARISCAL**, así como a
espallar ós catro ventos os valores histó-
ricos e culturais que encerra a **Ruta**
PARDO de **CELA**.

De conformidade co antedito, asignar
a presente en presenza dos membros
de o Mundo de Galea e demais acompa-
ñantes.

Francisco Mayán

Pedro Rubal

Alicia Tella

Antonio Solías

Suso Fernández

Emilio Méndez